

Este texto ha sido publicado en *Encrucillada* 193 (2015) 3-4

Poucas cousas hai que repugnen e aldraxen en tan alto grao a un espírito relixioso cabal coma a visión ou o exercicio da violencia. Se con algo parece ter que ver a práctica da relixión é coa bondade, a misericordia e a paz.

Porén, ¿quen pode negar que relixión e violencia percorreron (e percorren) da man grandes treitos do camiño da humanidade deixando ao seu paso masivos regueiros de sangue? Nos xornais son cotiás as novas sobre as masacres do Estado Islámico na súa progresiva expansión no Iraq e en Siria. Decapitan homes, mulleres e nenos por centos. Non se trata de inxuriar ao Islam, pero quen pode esquecer os berros de «*Allahu Akbar!*» (Alá é o máis grande) proferidos na rúa polos asasinos dos redactores da revista francesa *Charlie Hebdo*, logo de rematar no chan, cun tiro na cabeza, a un policía ferido que, non obstante, tamén era musulmán?

Non é preciso agora máis que amentar o lado escuro da historia do cristianismo e do propio xudaísmo para evitar caer en inxenuidades anxelicais insostibles verbo da propia tradición. Pero hai que recoñecer, igualmente, que hoxe en día o número de igrexas e de cristiáns perseguidos unicamente por ser cristiáns non deixa de aumentar moi, pero que moi traxicamente. Encrucillada quere contribuír a disipar prexuízos e esclarecer os problemas de fondo aquí implicados cunha serie de traballos ben fundados.

Xabier Pikaza enfronta o reto de fomentar diálogos de paz entre as tradicións xudaica e musulmán para axudar a atopar unha solución pacífica ao problema do Oriente Medio. Para iso estuda os perfís básicos de ámbalas dúas relixións confirmando a aposta pola paz no seu cerne orixinario. Alfonso Novo emprende outro camiño. Aínda que se centra tamén nas relixións abrahámicas o seu achegamento, porén, non é histórico, senón filosófico e teolóxico. Logo de fixar un concepto manexable de violencia e de estudar o monoteísmo conclúe: 1) que as

tradições abrahámicas non son potencialmente máis violentas que, p. e., formas políticas e sociais non relixiosas, coma o III Reich (pagán) ou o Estalinismo (ateo); e 2) que si chegaron a selo non foi nin única nin principalmente por factores relixiosos.

Hanna Arendt foi unha xudía, discípula e amante de Martin Heidegger, que sufriu a persecución do nazismo e reflexionou moi fondamente sobre as causas dos totalitarismos do século XX. Marisa Vidal achéganos á súa decisiva figura para comprender ese lado escuro da condición humana que ela tan ben captou no xuízo contra Otto Adolf Eichmann en Xerusalén.

Igualmente clarificador é o traballo de José Carlos Rodríguez Soto sobre o conflito violento na República Centroatricana. Onde parece que só hai escuridade, odio e morte xorden igualmente pequenas luces de heroísmo autenticamente evanxélico. Unha achega verdadeiramente conmovedora.

Publicamos tamén outro pequeno traballo de Elsa Támez sobre xénero, relixión e violencia. A violencia contra as mulleres está moi lonxe de ser un problema superado e compre desactivar todo canto resorte a xustifique (aínda que sexa implicitamente) por sacro que pareza.

¿Podemos atopar un acto de resistencia non violenta e de forza profética máis potente que o Sermón da montaña de Xesús de Nazaret? Xosé Manuel Caamaño reflexiona sobre as benaventuranzas e as esixencias morais do cristianismo.

Neste 2015 no que estamos cúmprese cen anos do nacemento do relixioso xesuíta de Compostela P. Seixas. Manuel Cabada Castro rescatou do arquivo dos seus manuscritos tres homilías que, no fondo cara o que apuntan, non perderon actualidade.

As diferentes roldas de política, cultura e Igrexa e os debuxos de Soedade Pite completan un número que esperamos ser do agrado do lector.

Pedro Castelao